

Lingua Guapa

Letra.: Sina Casalderrey

Música: Héctor Blanco

LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!



Teño unha lingua moi longa
con quilómetros de historia.
Leva palabras de azucre
que aturuxen na memoria.



Bico, agarimo,
ledicia, canción,
tenrura, aperta,
sorrizos de paixón.

Airín, bolboreta,
veludo, albor
arco da vella,
pontellas de color.



LINGUA GUAPA! ...

Teño unha lingua de meu
que me ensinou Rosalía.
Leva cestos de palabras
para soñar noite e día.



Berce, acubillo,
niño, corazón,
latexo, abeiro
nubeiro de algodón.



Laxerca, noitebra,
verderolo, azor
merlo, cotovía,
gaviotas no solpor.

Teño unha lingua de ferro
forte como un adibal.
Seguíu viva malia os tempos
nos que houbo temporal.

Frío, cacharela,
Puberto, beizón,
fábula, lareira,
música no fogón.



Morriña, saudade
barlovento, ciclón,
raioa, veleiro.
escumas a vapor.

LINGUA GUAPA!

Teño unha lingua de ouro
coa que fixen un cartar.
levo esta xeoia comigo coma
se fose un colar.



Campá, romaría,
bandeira, balcón,
repiques, foguetes
zapatos de charón.



Cantigas, xanelas,
estralos de amor,
recendos, chorims
na xesteira en flor.

LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!

